
PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A LICITACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE XUVENTUDE

A través dunha moción de Compostela Aberta, o Pleno da Corporación do mes de decembro do ano 2020 aprobou co apoio de todos os grupos da oposición o seguinte acordo:

“O Pleno da Corporación insta ao correspondente órgano de goberno á elaboración, dotación orzamentaria e posta en marcha dun ‘Plan Municipal de Xuventude’ no que se impliquen transversalmente diferentes áreas do goberno municipal para poder dar conxuntamente resposta ás necesidades de emprego, vivenda, educación e acceso á creación cultural das mozas e mozos de Santiago de Compostela.”

Un ano despois, no Pleno da Corporación de decembro de 2021, preguntamos polo traballo feito para desenvolver o antedito acordo. Daquela alertamos sobre a desatención do goberno municipal coa mocidade durante e despois da crise pandémica, e sublimamos unha desafortunada xestión do Centro Xove da Almáciga cunha oferta de actividades incomprensiblemente desconectada coas necesidades que demanda a xente moza de Compostela.

Durante a negociación dos últimos orzamentos, Compostela Aberta propuxo como condición necesaria o desenvolvemento do acordado Plan Municipal de Xuventude, o que quedou reflectido no eixo III punto 4 do acordo asinado entre o goberno municipal e Compostela Aberta o 18 de xaneiro deste ano 2022.

4. Plan municipal de xuventude: a mocidade é un dos sectores poboacionais máis afectados pola pandemia, e urxen respostas, tamén por parte da administración municipal. Prevese unha partida de 35.000 € que permitirá redactar os pregos para a licitación dun “Plan Municipal de Xuventude”, e a posta en marcha dunha primeira fase.

Os orzamentos aprobados para o 2022 recollen o acordo antedito que aparece reflectido no:

Concellería: Educación Mocidade e Políticas Lingüísticas

Capítulo II

Orgánica: 080

Programa: 23104

Económica: 2260900

Centro Xestor: 19

Descrición: Mocidade, Actividades Culturais e Deportivas.

Plan de Xuventude: 35.000 euros

Para que o goberno municipal cumpra o acordo de orzamentos que asinou, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, presenta ao Pleno, para a súa resposta **ORAL** a seguinte **PREGUNTA**:

- **Que previsión ten o goberno municipal para pór en marcha o Plan Municipal de Xuventude durante o ano 2022 e cumprir así un dos acordos asinados para os vixentes orzamentos municipais?**

Santiago de Compostela, 19 de Maio de 2021

Branca Novo Rei



Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO